



Unha vez houbo unha mestra que soñou cunha literatura en galego para nenos, nenas e adolescentes e, unha vez tamén, houbo unha escritora que soñou a escola.

Así, pouco a pouco, e a medida que María Victoria Moreno pensaba os seus libros -mentres conducía ou paseaba co seu can- e escribíaos na mesa da súa cociña -pola noite ou polo día, mentes cociñaba, porque a súa literatura tamén andaba entre pucheiros- ía xurdindo o seu proxecto. Ás veces perdíase en fabulacións e soñaba cunha "escola de aldea, con cazurriños queimados polo sol e con fiestras cheas de caraveliños" como en *Mar adiante*; outras, teimaba por crear institutos nos que pese á crueldade da vida, se forxaban as primeiras amizades ou os primeiros amores (como os que aparecen en *Guedellas de seda e liño* ou en *Anagnórise*) e incluso unha vez, creou un barco-escola, "O Arroás", no que os rapaces "aprenderon moitas cousas os días que botaron nela. Mais adeprendéronas falando co capitán, xogando cos mariñeiros, ollando para as estrelas ou mesmo facendo trasnadas cando os maiores non os viamos" (*Mar adiante*). Nestes lugares, que querían fuxir dun pasado escuro, adouctrinador e disciplinario, había mestras que resolvían os problemas dialogando, que lles falaban aos rapaces e rapazas da memoria histórica, e onde lles ensinaban -á par que hai que vivir cada idade con ledicia e con bondade, para deixar escrito cada un dos capítulos da vida, como dicía Rosa, unha das mestras de *Leonardo e os fontaneiros*- como rotar sobre si mesmos e sobre os demais, como fan os planetas do sistema solar. Tamén creou escolas nas que, unha vez ao ano, cando se mudan os papeis, polo San Xoán, os estudantes facían de profesores e os profesores de estudantes, talvez porque sabía os/as mestres/as nunca paramos de aprender sobre os nosos alumnos e alumnas. E sempre pensou que os centros pequeniños e os institutos grandes debían albergar sempre a todo tipo de rapaces e rapazas: aos/ás que vivían nun pazo ou aos/ás que vivían nas aforas, aos/ás nenos/as das aldeas e aos/ás da cidade, porque todos e todas tiñan dereito a seren educados para a vida e porque ela, como mestra que era - e que sempre será- dicía que o seu corazón só florecía nas aulas. Que siga logo, florecendo, e que soñemos, mestres e mestras, alumnos e alumnas, coa súa e coas nosas escolas soñadas.